



## **SINAIS DE IDENTIDADE DO CENTRO**

### **Fins educativos do centro:**

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos.
- f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe e confiar en si mesmos.
- g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- h) A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira

### **Principios da actividade educativa.**

- a) A calidade da educación para todo o alumnado.
- b) A igualdade de oportunidades, que compensen as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d) A educación como unha aprendizaxe permanente.
- e) A flexibilidade para adecuar a educación a diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

- f) O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- g) A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- h) A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- i) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- l) A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- m) A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.

## **RESUMO:**

- Non confesional
- Plural, sen exclusións
- Coeducación, fomento da igualdade de sexos
- Educación no exercicio da tolerancia, da paz, a cooperación e a solidariedade
- Educación na responsabilidade e no esforzo persoal
- Educación para o lecer
- Desenvolvemento das capacidades dos alumnos como medio de autonomía persoal
- Liberdade e convivencia democrática
- Educación ambiental, para a saúde,
- Participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- Fomento e dominio das dúas linguas, galego e castelán.

A Coruña, 1 de marzo de 2020

A directora

